

Decreto 56/2005, do 18 de marzo, de aprobación do cambio de denominación do Colexio Profesional de Delineantes de Vigo, que pasa a denominarse Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Pontevedra.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

O artigo 13.3º da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da devandita competencia, faculta os colexios profesionais a solicitar o seu cambio de denominación. A aprobación do cambio de denominación dun colexio profesional realizarase por medio de decreto do Consello da Xunta de Galicia. O cambio prodúcese como consecuencia da necesaria adaptación da denominación do colexio profesional, por unha banda ao ámbito territorial vixente, que é a provincia de Pontevedra e por outra, á modificación da denominación da titulación profesional, como consecuencia dos diversos cambios dos plans de estudos de formación profesional.

Tendo en conta o exposto, en virtude do uso da competencia atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do dezaioito de marzo de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-Cambio de denominación.

Aprobar o cambio de denominación do Colexio Profesional de Delineantes de Vigo, que pasa a denominarse Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Pontevedra.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santo Estevo de Ribas de Sil, dezaioito de marzo de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Orde do 21 de marzo de 2005 pola que se convocan axudas para maiores e discapacitados e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.23º asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no seu artigo 33.2º, establece que lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de seguridade social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, nos artigos 50 e 52, recolle a posibilidade de conceder de maneira singular prestacións económicas non periódicas.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o Decreto 215/2004, do 23 de setembro, que o modifica, ten as competencias na materia do maior e de persoas con discapacidade, competencia que se determina no Decreto 5/2005.

Un dos obxectivos básicos da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado é a de mellorar a calidade de vida das persoas maiores e con discapacidade, mediante actuacións que lles axuden a acadar as máis altas cotas de autonomía e independencia, así como a satisfacer a súa aspiración de participar na vida económica e social da súa comunidade.

Neste marco xeral hai que encadrar esta orde, que ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axudas económicas non periódicas a persoas maiores e discapacitadas, acompañadas da convocatoria destas axudas para o ano 2005, de conformidade co establecido no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, e pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo na Lei 13/2004, de orzamentos xerais da comunidade galega para o ano 2005 e na normativa de desenvolvemento, na cal se establecen os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financieira, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade destas axudas.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras de convocatoria pública para a conce-

sión de axudas individuais, de carácter non periódico, para persoas maiores e con discapacidade, en réxime de concorrencia competitiva, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As axudas recollidas nesta orde consideraranse subsidiarias de calquera outra que se poida conceder para a mesma finalidade por calquera outro organismo ou Administración pública.

Artigo 2º.-Requisitos xerais.

Para ser beneficiario das axudas reguladas nesta orde deberá acreditarse o cumprimento das obrigas impostas con carácter xeral aos beneficiarios de axudas públicas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado por Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que establece os requisitos xerais das axudas e subvencións concedidas pola Administración.

Unicamente poderán ser obxecto de financiamento para esta convocatoria as actuacións que se realicen no ano 2005.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde:

a) Persoas maiores de 65 anos que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou que, estándoo, no lles fose concedida e se considere esencial.

b) Persoas con discapacidade que:

-Estean afectadas por un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% recoñecido polo Equipo de Valoración e Orientación.

-Soliciten unha axuda ou servizo derivado da súa discapacidade recoñecida.

-Non superen os 65 anos.

-Acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no eido doutras liñas de protección social ou que, estándoo, non lles fose concedida e se considere esencial pola súa discapacidade.

2. No momento de ditarse a resolución da axuda debe persistir a súa necesidade.

Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

1. Persoas maiores.

As persoas maiores poderán solicitar as axudas económicas, cos límites máximos que se sinalan para:

1.1. Atención especializada:

a) Adquisición de próteses dentais: ata 480 €.

b) Adquisición de axudas técnicas: ata 480 €.

c) Atención en centros para persoas maiores:

-Atención en residencias para maiores en situación de severa ou gran dependencia: ata 500 € mensuais.

-Atención en centros de día para maiores en situación de severa ou gran dependencia: ata 240 € mensuais.

-Atención en centros residenciais, vivendas comunitarias ou apartamentos tutelados: ata 400 € mensuais.

d) Adquisición de próteses auditivas: ata 450 €.

1.2. Adaptación funcional da casa: ata 1.322 €.

Dentro desta epígrafe atenderanse preferentemente as persoas que non son beneficiarias de axudas para situacións de emerxencia social por conceptos semellantes aos desta orde.

2. Persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade poderán solicitar axudas económicas, cos límites máximos que se sinalan, para:

2.1. Rehabilitación.

Atención temperá (menores de 6 anos):

-Por cada tratamento particular: ata 100 € mensuais.

-Por conxunto de tratamentos: ata 250 € mensuais.

b) Fisioterapia, psicomotricidade e terapia da linguaxe:

-Por cada tipo de tratamento: ata 100 € mensuais.

-Polo conxunto de tratamentos: ata 250 € mensuais.

c) Psicoterapia: ata 100 € mensuais.

d) Axudas complementarias de transporte para rehabilitación, ata 60 € mensuais.

2.2. Asistencia especializada.

a) Desenvolvemento persoal, ata 2.400 €. Comprende a adquisición e renovación de próteses e órteses para o desenvolvemento o máis normal posible da súa vida ordinaria, e que non estean recollidas nas prestacións ortoprotésicas do Sergas ou outras entidades.

b) Adaptación funcional da casa, ata 2.500 €.

c) Institucionalizada fóra da Comunidade Autónoma en réxime de internado, ata 500 € mensuais.

2.3. Mobilidade e comunicación.

a) Adaptación de vehículos a motor: ata 2.600 €.

Dentro desta liña poderanse subvencionar tanto as adaptacións dirixidas a facilitar o acceso e permanencia no vehículo da persoa con mobilidade reducida e, se é o caso, da súa cadeira de rodas, sexa ou non o condutor do vehículo, como aquelas dirixidas especificamente á adaptación dos

elementos da condución ás persoas con mobilidade reducida.

b) Eliminación de barreiras arquitectónicas na casa: ata 3.000 €.

Enténdese que existen barreiras arquitectónicas cando se dean obstáculos obxectivos á mobilidade nos elementos constitutivos da casa, sempre en relación coa súa discapacidade e que a súa existencia sexa constatable.

c) Adquisición de axudas técnicas: ata 2.500 €.

3. Para os efectos desta orde enténdese por:

-Axuda técnica aquel utensilio, dispositivo ou equipamento de diferente grao de complexidade, que permite suplir ou diminuír as limitacións ou as carencias funcionais das persoas con discapacidade.

-Adaptación funcional da casa, consiste na adquisición, instalación e/ou adaptación de dispositivos necesarios que, pola discapacidade do solicitante, sirvan para mellorar de modo claro, as posibilidades de desenvolverse de forma autónoma na casa, incluídas aquelas que sirvan para eliminar barreiras de comunicación.

4. As axudas para as cales este artigo fixa unha contía en cómputo mensual (rehabilitación e as súas complementarias, atención en centros de persoas maiores e con discapacidade) poderán ser obxecto de prórrogas de vixencia anual, consonte o que se dispón nesta orde.

Artigo 5º.-Requisitos específicos.

-Para a concesión de axudas de adaptación funcional da casa, eliminación de barreiras na casa e adaptación do vehículo: non ter obtido, nun prazo anterior de cinco anos, axudas para o mesmo concepto.

-Para a adaptación do vehículo a motor o interesado deberá estar afectado dunha discapacidade grave que lle imposibilite a utilización doutros medios de transporte público colectivo.

-Para as solicitudes de adquisición de audiófonos requírese ser maior de 16 anos.

Artigo 6º.-Crédito orzamentario.

A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito consignado para estes fins nos orzamentos desta comunidade autónoma para o ano 2005. A partida que soportará o gasto é a 14.06.212D.481.1 con 1.410.697 €.

Artigo 7º.-Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes debidamente asinadas polo beneficiario ou o seu representante legal, formalizaranse co modelo que se xunta como anexo e presentaranse nas delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, ou por calquera das canles previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O modelo oficial da solicitude estará ao dispor dos interesados, nas delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, e nos servizos de atención primaria nos concellos.

3. O prazo para a súa presentación será de 2 meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Cando se solicite a prórroga dunha axuda, débese xuntar o impreso de solicitude, debidamente cuberto, dunha declaración xurada de que non variaron as circunstancias que no seu día motivaron a concesión da axuda. No caso de existir variación, deberá xuntar a documentación acreditativa de tal circunstancia.

Artigo 8º.-Documentación.

1. As solicitudes deberán vir acompañadas da seguinte documentación xeral:

a) Fotocopia compulsada do DNI, partida de nacemento ou outro documento análogo do beneficiario e, se é o caso, do representante legal.

b) Certificación do padrón municipal de habitantes, comprensivo de todos os conviventes.

c) Informe social emitido por un traballador social dos servizos sociais de atención primaria. O dito informe non será necesario, agás que a Comisión Provincial de Valoración o considere conveniente, nas prórrogas das axudas (rehabilitación e as súas complementarias e atención en centros), na adaptación de vehículos a motor, na adquisición de prótese dentais e auditivas.

d) Orzamento detallado do gasto que se vai realizar.

e) Declaración do imposto sobre a renda da unidade familiar correspondente ao último exercicio. No caso de non ter a obriga de presentala, deberán achegar certificación negativa da correspondente delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como declaración xurada da totalidade de ingresos do beneficiario e dos restantes membros da unidade familiar, acompañada dos correspondentes xustificantes.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para un mesmo fin das distintas administracións públicas competentes, consonte o disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Documentación específica:

2.1. Axudas para adaptación de vehículos de motor: informe médico emitido pola Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalidez da imposibilidade de utilización do transporte público colectivo e, no caso de adaptación en elementos da condución coa solicitude, ou, en calquera caso, antes do pagamento, o beneficiario deberá achegar a copia do permiso de condución.

2.2. Axudas de tratamento: informe da Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalidez en que se especifique que necesita o tratamento para o cal solicita a axuda e que o dito tratamento non pode recibilo en calquera outro centro ou organismo público.

2.3. Axudas para adquisición de próteses auditivas: informe médico emitido por un otorrinolarinólogo que xustifique a necesidade da prótese, no caso de que a dita necesidade non conste no informe da Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalidez.

Artigo 9º.-Corrección de erros.

Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos nesta orde para cada caso concreto, o interesado será requirido para que no prazo de dez días contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, con indicación de que, se non o fixese, se considerará desistido da súa petición e procederase ao arquivo do expediente, nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º.-Comisión de valoración.

1. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á Comisión Provincial de Valoración, que terá a función de propor a aprobación ou denegación da axuda, segundo os criterios obxectivos recollidos nesta orde e nas demais normas de desenvolvemento.

2. A Comisión Provincial de Valoración terá a seguinte composición:

a) Presidente: o secretario da delegación provincial.

b) Vogais: o xefe do Servizo de Axudas e Programas e un funcionario designado polo delegado provincial.

c) Secretario: o vogal que para tal función designe o delegado provincial.

As reunións da comisión convocarase un traballador social dos servizos de atención primaria e un representante da Intervención Territorial, ambos con voz, pero sen voto.

Se por calquera causa algún dos seus compoñentes non puider asistir ás reunións, será substituído polo que designe o órgano competente para o outorgamento das axudas, debendo recaer o nomeamento, sempre que for posible, noutro funcionario do mesmo servizo que o substituído.

Artigo 11º.-Criterios de valoración.

Para a elaboración da proposta de adxudicación das axudas, a Comisión Provincial de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Nivel de renda familiar: serán preferentes na concesión das axudas os peticionarios con ingresos

familiares per cápita inferiores ao 70% do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) que para o ano 2005 está establecido en 6.577,20 € incluíndo as pagas extraordinarias.

b) Continuidade na prestación outorgada en exercicios anteriores no caso de prórrogas, sempre que se acredite suficientemente a persistencia da necesidade.

c) Circunstancias familiares e sociais dos solicitantes.

Artigo 12º.-Resolución.

1. Unha vez emitido o informe da comisión, correspóndelles, por delegación da conselleira, aos delegados provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, ditar a resolución que proceda.

2. O prazo máximo para dictar e notificar os interesados a resolución expresa será de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG.

O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa lexítima o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. A resolución da concesión determinará o importe da axuda concedida dentro dos límites establecidos nesta orde.

4. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interporse o recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, perante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que coiden oportuno.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, e con carácter excepcional, poderanse efectuar resolucións complementarias fóra do prazo establecido cando non sexa posible efectualas dentro del, por existiren fondos provenientes de recursos de axudas inicialmente concedidas ou doutro tipo de remanentes.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente das axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados,

nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da axuda, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 14º.-Xustificación das axudas.

1. O beneficiario deberá ter realizadas e xustificadas consonte o establecido no artigo 30 da Lei 38/2003 xeral de subvencións as actuacións que fosen obxecto de axuda antes do 30 de novembro de 2005. No caso das axudas correspondentes ao mes de decembro que pola peculiar natureza do pagamento (mensual, diario, etc.) non poidan ser xustificadas naquela data, disporán de prazo ata o día 30 do dito mes.

2. As delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado aboaranlles aos beneficiarios a contía das axudas concedidas, logo da presentación das facturas correspondentes e os xustificantes requiridos, se é o caso, na resolución da concesión.

3. No momento da xustificación da execución total da actuación, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para unha mesma actuación, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. A falta de presentación desta documentación entenderase como renuncia á axuda concedida e, logo da audiencia ao interesado, procederase conforme o disposto no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 15º.-Reintegro das axudas:

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- d) Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos

ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 16º.-Control: infraccións e sancións.

1. Os beneficiarios destas axudas quedan obrigados a someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Será de aplicación aos beneficiarios das axudas recollidas nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Disposicións adicionais

Apróbase a delegación de competencias nos delegados provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, ao abeiro do establecido no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar os gastos e ordenar os correspondentes pagamentos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE FAMILIA,
 XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO AXUDAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM609B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

SECTOR:

PERSOAS MAIORES Minusvalidez _____ Duración: - Indefinida
 PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº expediente _____ - Temporal

DATOS DO BENEFICIARIO

DON / DONA		DNI	
IDADE	ENDEREZO		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
SEGURIDADE SOCIAL Nº AFILIADO.....		<input type="checkbox"/> TITULAR	<input type="checkbox"/> BENEFICIARIO/A
OUTROS SISTEMAS (MUFACE, ISFAS, LISMI ...)			

O representante legal (en caso necesario):

DON / DONA		DNI	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
CONDICIÓN DO SOLICITANTE (MARCAR CUN X O QUE PROCEDA)			
<input type="checkbox"/> PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/> REPRESENTANTE LEGAL	<input type="checkbox"/> PERSOA ENCARGADA DO INTERESADO

TIPO/S DE AXUDAS QUE SOLICITA

CONCEPTO	EN PAGAMENTOS MENSUAIS		CONTÍA TOTAL	SOLICITUDE	
	CONTÍA MES	Nº DE MESES		NOVA	PRÓRROGA

INFORME MÉDICO

INFORME MÉDICO (para que o cubra a Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalideces) nas axudas de: adaptación de vehículo, axudas técnicas ou próteses auditivas.

Don / Dona _____, afectado/a de _____
 por _____

(sinatura do facultativo/a)

Nome do facultativo/a:
 Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalideces de:

REHABILITACIÓN

Don / Dona _____ con DNI _____
 con enderezo _____ localidade _____
 título profesional: _____

DECLARA:

Que imparte tratamento/s a Don / Dona _____ de _____ anos
 Segundo o seguinte detalle:

Rehabilitación	Días ao mes	Custo mensual	Nº de meses	Custo anual
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____

(sinatura do/a profesional)

TRANSPORTE COMPLEMENTARIO PARA REHABILITACIÓN**GASTOS TOTAIS POLA CONTÍA DE:**

Segundo o seguinte detalle:

- Desprazamento desde _____ ata _____
- Medio de transporte (taxi, autobús, coche propio, tren) _____
- Nº quilómetros ao día _____ Custo viaxe diaria _____
- Nº de viaxes ao mes _____ Custo mensual _____
- Nº de viaxes ao ano _____ Custo anual _____

PRÓRROGA DE AXUDAS DE REHABILITACIÓN, AXUDAS COMPLEMENTARIAS E ATENCIÓN EN CENTROS

Declaro baixo xuramento que non varían as circunstancias que no seu día motivaron a súa concesión.

(Sinatura)

ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.....**ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR.....****ADAPTACIÓN FUNCIONAL DA CASA.....**

Axudas percibidas durante os cinco anos anteriores por outros organismos:

- | | SI | NON |
|--|--------------------------|--------------------------|
| * Eliminación de barreiras arquitectónicas | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| * Adaptación funcional da casa | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| * Adaptación de vehículo de motor | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

(Sinatura)

Declaro baixo xuramento:

Que a adaptación do vehículo é para transporte persoal e uso privado do/a
 minusválido/a.

CUBRIRAO A ADMINISTRACIÓN SÓ NO CASO DE AXUDAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Dilixencia para facer constar que o beneficiario/a ten recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% co número
 _____ no rexistro desta unidade.

(Sinatura)

DATOS BANCARIOS PARA PAGAMENTO DE PRESTACIÓNS

AXUDAS DIRECTAS. Percibiraas o/a beneficiario/a ou o seu representante legal.
 AXUDAS INDIRECTAS. Percibiraas don / dona _____
 en concepto de _____, autorizándose expresamente a percepción da axuda, asinando de conformidade o pagamento pola AXUDA INDIRECTA.

TITULAR DA CONTA		DNI / CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
ENTIDADE BANCARIA	OFICINA	D.C.	CÓDIGO DE CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Selo da entidade financeira

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS DO/DA BENEFICIARIO/A

PENSIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL		
CONTRIBUTIVA	XUBILACIÓN	INVALIDEZ
NON CONTRIBUTIVA	XUBILACIÓN	INVALIDEZ
PRESTACIÓN POR FILLO A CARGO		
ORFANDADE		
RISGA	COMPLEMENTO BÁSICO	VARIABLE
PENSIÓN LISMI	INGRESOS MÍNIMOS	
AXUDA 3ª PERSOA	MOBILIDADE E GASTOS DE TRANSPORTE	
PENSIÓN ASISTENCIA SOCIAL	ENFERMIDADE	ANCIANIDADE
ASISTENCIA SANITARIA	SEGURIDADE SOCIAL	LISMI
		OUTRO TÍTULO

DECLARACIÓN XURADA DE INGRESOS

O/A beneficiario/a ou o seu representante legal, se é o caso

DECLARA:

Que os ingresos persoais do/da beneficiario/a ascenden ao mes a € _____

Que os ingresos do resto da unidade familiar ascenden ao mes a € _____

Total de ingresos mensuais: _____

Que o número de compoñentes da unidade familiar do/a beneficiario/a é de _____

Que a renda da unidade familiar é de _____ Nº de membros perceptores _____

DECLARACIÓN XURADA DE AXUDAS POLOS MESMOS CONCEPTOS

O/A beneficiario/a ou o seu representante legal, se é o caso

DECLARA:

Que SI/NON solicitou ou SI/NON ten concedidas axudas polos mesmos conceptos desta solicitude, a institucións públicas segundo o seguinte detalle:

Concepto	Institución	Contía solicitada	Contía concedida
		Ano 2005	Ano 2005

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ PRESENTAR**DOCUMENTACIÓN XERAL:**

- Solicitude de axuda segundo modelo.
- Fotocopia do DNI ou outro documento análogo do/da beneficiario/a, e, se é o caso, do representante legal, debidamente compulsada.
- Orzamento desagregado do gasto que se vai realizar.
- Informe social dos servizos sociais de atención primaria, excepto nos supostos recollidos na orde.
- Certificación do padrón municipal de habitantes comprensivo de todos os conviventes.
- Declaración do imposto sobre a renda da unidade familiar correspondente ao último exercicio. Cando non exista obriga legal de presentala, deberá xuntarse certificación negativa da correspondente Delegación de Facenda, así como declaración xurada da totalidade de ingresos do/da beneficiario/a e dos restantes membros da unidade familiar, xunto cos dos xustificantes dos respectivos ingresos.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:ADAPTACIÓN DE VEHÍCULO:

- Declaración xurada (segundo modelo) de non ter percibido axuda polo mesmo concepto nos cinco anos anteriores.
- Informe médico da imposibilidade de utilización de transporte público, emitido pola Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalidez e fotocopia do permiso de conducir.

ELIMINACIÓN DE BARREIRAS E ADAPTACIÓN DA CASA:

- Declaración xurada (segundo modelo) de non ter percibido axuda polo mesmo concepto nos 5 anos anteriores.

AXUDAS DE REHABILITACIÓN:

- Informe da Sección de Cualificación de Minusvalidez en que se especifique a necesidade do tratamento para o cal se solicita a axuda e que o dito tratamento non o pode recibir en calquera outro centro ou organismo público.

PRÓRROGA DE REHABILITACIÓN, AXUDAS COMPLEMENTARIAS DE TRANSPORTE E ATENCIÓN EN CENTROS:

- Declaración xurada indicando que non variaron as circunstancias que no seu día motivaron a concesión da axuda (segundo modelo). De existir variación deberán acompañar datos acreditativos de tal circunstancia.

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE PRÓTESE AUDITIVA:

- Informe médico emitido por un otorrinolaringólogo que xustifique a necesidade da prótese, no caso de que non conste a dita necesidade no informe da Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalidez.

O/A beneficiario/a

DECLARA:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son verdadeiros, non existindo omisión de datos, así como que este ano non percibiu axuda doutro organismo polo mesmo concepto nin a prestación gratuita do servizo, e que se obtivese unha ou outra comunicarao a esa delegación, para o efecto de redución, rescisión ou reintegro procedente.

Que autoriza a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para que realice as consultas necesarias de ficheiros públicos para os únicos efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados, así como obter directamente e polos medios telemáticos, da Axencia Tributaria a información correspondente, relativa ao imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

_____, ____ de _____ de 200 ____

(Sinatura do beneficiario, ou do seu representante legal, se é o caso)